

"Manter o galego como lingua independente do portugués o condenará a desaparecer"

MARTINHO MONTERO SANTALHA
Presidente de la Academia Galega da Língua Portuguesa

TEXTO • M. Villar
FOTOGRAFÍA • M. V.

Xorde a Academia Galega da Língua Portuguesa, presidida polo profesor Montero Santalha e integrada por 29 membros de diferentes sectores sociais. Todos comparten unha idea: o galego está morrendo porque non se achega ao portugués. Aseguran estar dispostos a "servir ao país". Están preocupados pola "dramática situación lingüística". Din que non falan galego, senón portugués da Galiza.

Catedrático da Universidade de Vigo, o profesor Martinho Montero acaba de dar un paso á fronte para defender a confluencia entre os idiomas do norte e o sur do Miño, como xa fixera Castelao nunha carta que lle enviara a Sánchez Albornoz en 1944. A reintegración galega no portugués xa tivera outros respectados defensores como Manuel Murguía, Risco, Otero Pedrayo ou Cunqueiro. Agora preside a Academia Galega da Língua Portuguesa, que defende esta liña de traballo.

¿Por qué xorde a Academia Galega da Língua Portuguesa?

É a continuación doutras iniciativas do pasado e xorde como a recuperación dunha idea que xa defendera activamente Carballo Calero trala desaparición da ditadura e co asentamento da democracia; ese posicionamento custálle a maxinación na Real Academia Galega durante a última etapa da súa vida. Trala aprobación do Estatuto de Autonomía prevaleceu a idea dun galego independente sobre a posición de Carballo Calero, que defendía un achegamento ao portugués; esa opción que el transmitiu, ata que morreu en 1990, quedou en invernación.

Varios colectivos seguiron crendo nesta idea e materializaron as súas intencións nunha asociación cultural, constituída hai uns meses, que nomeou un grupo para comezar a traballar no primeiro número do Boletim, publicado a semana pasada.

¿É unha Academia aberta a novas incorporacións?

Na actualidade somos 29 membros, pero está prevista a incorporación de máis xente. Nas próximas semanas ou meses xa se poderían rexistrar algunhas novidades nesta dirección.

¿Qué requisitos esixe?

Os actuais membros teñen demostrado unha calidade científica e literaria; a maioría son filólogos ou lingüistas que exercen no ensino universitario ou non universitario. Hai un grupo amplo de escritores, profesionais e non profesionais, pero están representados varios sectores:

economía, empresariado, música ou xornalismo.

A Academia foi apadriñada pola Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, dependente da Vicepresidencia da Xunta, e por varios dirixentes nacionalistas. ¿Abonda con ese apoio político para contrarrestar a liña oficial normativa?

Hai bastantes políticos que están dacordo coa nosa idea, pero tamén é certo que os hai desinteresados e outros que optan polo castelán. Son moitos os que nos dín: tedes toda a razón. Sen darnos un apoio tan contundente, hai un sector importante que amosa un interese polas ideas que defende a Academia, pero o certo é que en moitos contextos se impón esa tendencia pseudopopulista dominante.

¿Buscarán máis apoios a nivel institucional?

A Academia está aberta para

perfecto e haxa cuestións corrixibles. A xente ten que saber que é portugués. Non se trata de falar coma os portugueses de Lisboa ou Coimbra, tampouco o fan os brasileiros, angolanos ou mozambicanos. Hai espazo para a diferenza, pero a nosa lingua é portuguesa; e isto xa é unha garantía de futuro porque é a terceira lingua europea máis falada.

¿Por qué defenden a confluencia co idioma portugués?

As primeiras normas da Academia Galega publicadas nos anos 70 fan cara ao portugués. Hai varios exemplos que o proban: o plural en aís que atopamos en palabras como animais só é propio da zona oriental, pero optouse por este camiño. Non era algo novo, xa Castelao apuntara nesta liña. Pasamos dunha época na que o galego non estaba presente na escola e tiña aparicións moi puntuais nos medios de comunicación a uns tempos, xa democráticos, nos que se produciron cambios e se aprobou a normativa do Instituto da Língua Galega. Aí houbo un distanciamento do portugués que nos consideramos fundamental.


¿Aínda están a tempo de

A nosa lingua é o portugués da Galiza, aínda que non sexa perfecto e haxa cuestións corrixibles. A xente ten que saber que é portugués. Non se trata de falar coma os portugueses de Lisboa ou Coimbra, tampouco o fan os brasileiros, angolanos ou mozambicanos. Hai espazo para a diferenza. Pero a nosa lingua é a portuguesa.

retomar ese achegamento?

Queremos que a lingua sobrevivira e o galego, como lingua independente, está condenado á desaparición. Na Galiza hai un grupo grande de personas que comparte as nosas ideas e considera necesario un achegamento ó portugués; a xente estaría máis orgullosa da súa lingua sabendo que tería unha proxección mundial. O galego está morrendo porque non se aproxima ao portugués; a unidade lingüística galego-portuguesa é a máis importante do galeguismo.

Dí que o galego morre. ¿É tan grave a enfermidade?



Martinho Montero Santalha.

► Toda unha vida a prol do galego

Martinho Montero naceu en Cerdido en 1941. Frequentou o Seminario de Mondoñedo e, en Italia, realizou estudos de Teoloxía e Filosofía na Universidade Gregoriana de Roma. Doutorouse en Filoloxía con unha tese sobre as rimas na poesía trovadoresca. Dende moi cedo sumouse aos movementos a favor da reintegración lingüística, converténdose nun dos principais promotores. Durante a súa estadía en Roma (1965-1974) participou no grupo "Os Irmandiños", preocupados pola recuperación do galego na liturxia e na sociedade en xeral. Nesa época asinou o "Manifesto para a supervivencia da cultura galega". Ten publicado numerosos estudos en diversas revistas e congresos internacionais, endo un dos autores máis prolíficos e respectados na Galiza. Actualmente é catedrático de Língua e Literatura galega na Universidade de Vigo.

A situación é dramática. Fagamos unha comparación co que acontecía a comezos do século pasado. Hai cen anos, un 10% dos nenos galegos instalábase na lingua castelá; os vellos que agora morren falan case todos en galego. Cen anos despois temos a situación inversa, só o 10% dos nenos se instalan na lingua galega; e dos que se instalan moitos pasan ó castelán polas circunstancias adversas nas que vivimos. É unha situación inxusta e hai que tratar de loitar contra ela.

¿Fallou a transmisión xeracional, de pais a fillos?

Son causas sociolingüísticas. O

galego foi durante moito tempo unha lingua de segunda clase, mentres que o castelán se asociaba co poder e o éxito. Moitos pais, que sempre queren o mellor para os seus fillos, viron na opción do castelán a de maior proveito e futuro. O erro fundamental está provocado por circunstancias sociopolíticas.

¿Fallou o sistema educativo?

A forza que ten o ensino na xuventude é notable, pero non decisivo. Hai outros factores máis importantes: discotecas, música, televisión. O ensino é parte da sociedade galega, pero non todo.